

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE OUTES
CURSO: QUINTO DE PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL
DATA: 12-5-2020

Instrución do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CCL
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CCL
B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CD

COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)

- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos e instrumentos: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado.
Cualificación final	Na avaliación final ordinaria, terase en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións e o traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial. Este traballo inclúe actividades de repaso, reforzo e posible ampliación das aprendizaxes que teñan como referentes as competencias clave esenciais para a adecuada progresión do alumnado.
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Ter en conta os sinalados anteriormente para cada materia.
	Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados obtidos nas dúas primeiras avaliacións, vendo a evolución a través do traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial que só poderá ter valor positivo.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado que teña materias pendentes.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.</p> <p>Ademais a través do blogue propóñense diferentes actividades motivadoras con motivo de conmemoracións como o día do libro, o Pampallín, Letras Galegas, etc.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática entre titor/a e alumnado a través de chamadas telefónicas, do blogue de aula que está na páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas e corrección de tarefas. Tamén se empregará o espazo Abalar para manter a comunicación coas familias e videoconferencias coa aplicación Cisco WebexMeetings co alumnado.</p>
Materiais e recursos	<p>Libros de texto, libretas, material funxible, ordenadores, tablets, móbiles, blogues educativos de elaboración propia e páxina web do centro.</p> <p>Hai que ter en conta que o concello presta un servizo de fotocopiado e escaneado de materiais para o alumnado.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web.
Publicidade	Publicación deste documento na páxina web do centro.